



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda da **creación dunha comisión que elabore un Regulamento de Participación Cidadá.**

### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

A sociedade ribeirense é tradicionalmente moi dinámica e innovadora. Estas características son a base histórica que asentou ao asociacionismo de todo tipo no noso concello.

Así hoxe en día en Ribeira temos unha ampla rede de entidades sociais, colectivos veciñais, agrupacións culturais, clubs deportivos, ONG e asociacións de todo tipo que grazas ao seus respectivos esforzos dentro dos seus ámbitos, son base fundamental cara o desenvolvemento ribeirense.

Semella pois difícil de entender que toda esta cidadanía dinamizadora e formada non poida participar como tal na toma de decisións que lle afectan directamente. Exemplo claro desta implicación na toma de decisións son os “Orzamentos participativos” onde a veciñanza de cada parroquia decide como destinar unha partida de cartos para desenvolver un ben común.

No concello de Ribeira non temos en vigor ningún regulamento de participación que permita por en práctica, entre outras cousas, os “Orzamentos participativos” e o que é peor nin tan sequera está regulada a posibilidade de que os representantes lexítimos destas entidades poidan participar nos plenos municipais.

Dende o BNG entendemos que é obriga dos poderes públicos fomentar a implicación da propia cidadanía na toma de decisións que lles afecta directamente asumindo as decisións non como algo imposto senón como participativo e implicador.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

### **A C O R D O :**

1º Que se constituía unha comisión de traballo da que formen parte todos os partidos políticos da corporación municipal coa finalidade de elaborar un regulamento de participación onde, entre outras cousas, se poidan poñer en marcha os “Orzamentos Participativos” por parroquias e que permita dar voz á cidadanía nos plenos municipais.

2º Que esta comisión se constituía canto antes para que nun prazo razoable, como moito en decembro de 2007, se poida ter o regulamento de participación cidadá en vigor.

Ribeira, 20 de xullo de 2007

Asdo.: Luís Teira Parada